

Estimados socios/as:

A Asociación Deportiva Limiactiva convoca o

Concurso de Tarxetas de Nadal 2018 “Un Nadal Deportivo”.

A tarxeta gañadora do concurso, será a utilizada pola **A. D. Limiactiva** para felicitar as festas de Nadal ós seus socios e seguidores nas redes sociais.

BASES

O tema será **Un Nadal Deportivo**.

As obras presentadas terán que ser orixiais ou inéditas, e non presentadas a ningún outro concurso.

Á postal gañadora, a A. D. Limiactiva añadiralle o logo e o texto de felicitación.

Poderán participar todos os socios e socias da A. D. Limiactiva entre 5 e 12 anos.

CONDICIÓNS TÉCNICAS.

- A medida das tarxetas presentadas ó concurso terán que ser de 20,1x14,8 cm (Din A5) e terán que ser pintadas a mán.
- Non se admitirán a concurso as obras realizadas en técnica de pastel e as realizadas como manualidades. Só se poderá presentar unha tarxeta por participante.

O socio participante terá que presentar o traballo orixinal sen firmar co título no anverso da obra, nun sobre pechado, no que tamén incluírá nun papel os datos do autor, indicando o título da obra presentada.

Poderánse presentar tarxetas ata o día 6 de decembro, nos adestramentos da Escola de Atletismo ou a calquera membro da Xunta Directiva.

Establécese un único premio de consistirá nun diploma acreditativo como gañador do concurso e un vale de 30 euros a canxear en calquera dos establecementos ProLimia.

Mediante a participación no concurso, a **A. D. Limiactiva** adquire en exclusiva todos os dereitos de propiedade intelectual das obras presentadas, e poderá libremente proceder á reprodución, distribución e transformación das tarxetas.